25N

ACTOS POLO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DAS VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES

MÉRCORES 25

Praza Ravella (entrada do Concello) [12:00]

Lectura do Manifesto institucional

COLABORA: ESCOLA MPAL. DE MÚSICA BERNARDO DEL RÍO
Elaborado pola FEGAMP.
En caso de choiva, será no Salón de Plenos.

MARTES 1 DEC

Sala de Conferencias do Auditorio [18:30-20:00]

A perspectiva de xénero na saúde: en lista de espera

NA LOITA POLOS DEREITOS SEXUAIS: ENDOMETRIOSE E ESSURE GALICIA
Entrada de balde
ata completar capacidade.

MÉRCORES 2 DEC

Salón García [20:30] [CINE]
PROXECCIÓNS CINE CLUBE ÁDEGA

Sorry, Baby

Agnes tenta reconstruír a súa vida despois de sufrir unha agresión sexual. Eva Victor debuta como directora e guionista e protagonista dunha película íntima, dura e, ás veces, mesmo divertida, onde se aborda a violencia sexual sen reducir a protagonista á experiencia traumática vivida, destacando o seu proceso de recuperación e a súa capacidade para seguir adiante.

2025 | Drama/comedia | 103 min | Dirixe: Eva Victor
Prezo: Entrada de balde.

Os actos do 25 N están organizados pola Área de Igualdade do Concello de Vilagarcía de Arousa.

OUTONO MICOLÓXICO



AGRUPACIÓN MICOLÓXICA DE VILAGARCÍA
A CANTARELA

Exposición de cogomelos frescos 15 NOV PEIXERÍA
Inauguración 16 NOV AUDITORIO Clausura 27 NOV AUDITORIO
Conferencias 16-18 NOV AUDITORIO / 19 NOV PEIXERÍA
XXXII Festa gastronómica dos cogomelos 22 NOV PEIXERÍA
Xantar micolóxico 29 NOV RESTAURANTE A BATEA

+ INFO: WWW.CANTARELA.ORG

MAR de FRADES · Dom Pardo ALBARIÑO · PACO & LOLA ALBARIÑO · CONDES DE ALBAREI

VGA 365

CASTES

IX FEIRA INTERNACIONAL DO VIÑO DE GALICIA

4-15 NOVEMBRO´26

ABASTOS | VERDURA | PEIXERÍA

AULAS · CATAS · FEIRA · MÚSICA

CASTES THE MUSICAL

THE MUSICAL SESSIONS

SÁB 7 NOV · PEIXERÍA

LUIS FERCÁN
MARILIA MONZÓN
OS CARISMÁTICOS
MONOULIOUS DOR...

NOVEMBRO 2026



PROGRAMACIÓN CULTURAL

Concello Vilagarcia de Arousa · vilagarciaviva

Concello de Vilagarcía de Arousa

PROGRAMACIÓN CULTURAL NOVEMBRO



XOVES 5
Sala principal do Auditorio [20:30] [MÚSICA]

Berliner en Vilagarcía I
Raquel Areal [violín] **Yun Zeng** [trompa] **Zee Zee** [piano]
SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA
Un magnífico concerto cun repertorio romántico especialmente deseñado ao redor do "Trío para trompa, op. 40", de J. Brahms.
Duración: 80 min (descanso incluído).
Entrada de balde ata completar capacidade grazas ao patrocinio especial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

VENRES 6
Salón García [20:30] [CINE]

VGA 365 · ádega cine clube | 2026 ANO DE CONMEMORACIÓN 50 ANIVERSARIO*

La grazia
Mariano De Santis, presidente (ficticio) da República italiana, atópase co dilema moral de aprobar ou non unha lei de eutanasia...
2025 | 132 min | Comedia | Dirixe: Paolo Sorrentino.
Venda de entradas: Salón García a partir das 19:30 h o propio día.
Prezo: Socios anuais, de balde. Non socios, 4 €.
Entrada bonificada: 2,5 € (persoas desempregadas/Carné Xove).

SÁBADO 7
Sala principal do Auditorio [20:30] [MÚSICA]

Gran Gala Lírica
TEMPOS DE ZARZUELA E GRANDES COROS DE ÓPERA
(CLAUSURA XLV ANIVERSARIO CORO LICEO DE VILAGARCÍA)
Un espectáculo sinfónico-coral, dividido en dúas partes, para coro mixto de 70 voces, banda e solistas.
Actúan o Coro Liceo de Vilagarcía, a Coral El Eco da Coruña e a Enseble Banda Unión Musical de Meaño, co corpo de baile de Estudo de Danza Lendaria.
Duración: 90 min. Público: Adulto.
Prezo de entradas: Zonas A e B: 8€ e Zona C: 7 €.
Venda de entradas: billeteira do Auditorio o venres 6, de 10:00 a 13:00 h e de 17:00 a 20:00 h e o sábado 7, de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:15 h.

MÉRCORES 11
Salón García [20:30] [CINE]

VGA 365 · ádega cine clube | 2026 ANO DE CONMEMORACIÓN 50 ANIVERSARIO*

A moza zurda
Unha nai solteira e as súas dúas fillas regresan a Taipéi tras vivir no campo para abrir un posto nun mercado, un cambio ao que todas terán que adaptarse...
2025 | 108 min | Drama
Dirixe: Shih-Ching Tsou.
Venda de entradas: No Salón García a partir das 19:30 h o propio día.
Prezo: Socios anuais, de balde. Non socios, 4 €. Entrada bonificada: 2,5 € (persoas desempregadas/Carné Xove).

VENRES 13
Sala principal do Auditorio [20:00] [MÚSICA DE AUTORA]

Será por flores
UXÍA – 40 ANOS NA MÚSICA – XIRA 2026
Un espectáculo impregnado dun espírito floral, que evoluciona dende o íntimo ata unha comuñón co público.
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
Duración: 100 min.
Venda de entradas: Anticipada en Ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 18:00 h.
Entrada xeral: 5 €. Entrada bonificada para persoas desempregadas (tarxeta de emprego), maiores de 65 anos (DNI) e titulares de Carné Xove: 3 € (+ gastos de xestión). Os beneficiarios deberán acreditar a súa condición no control de acceso.

MÉRCORES 18
Sala principal do Auditorio [19:00] [MÚSICA]

Conmemoración de Santa Icía
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
Entrada libre ata completar capacidade.

XOVES 19
Sala principal do Auditorio [19:00] [MÚSICA]

Concerto de Santa Icía
ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
Entrada libre ata completar capacidade.

SÁBADO 21
Auditorio municipal [10:00-20:00]

XVIII Open McDonald's
XIX Gala de Entrega de Premios
Circuíto Promoción Xadrez.



XOVES 26
Sala principal do Auditorio [20:00] [BALLET]

O lago dos cisnes
Esta obra maxistral de Tchaikovsky será interpretada pola Internacional Ballet Company, con solistas de Moldavia, Ucraína e Italia, entre outros países.
Duración: 150 min (descanso incluído) | Público: Todos os públicos.
Compañía: International Ballet Company.
Prezo entrada xeral: 35 €. Escolas de danza, teatro e música: 25 € (a compañía facilitaralles un código por correo para mercar as entradas na web). Persoas xubiladas e desempregadas: 29 €.
Venda de entradas: Anticipada en ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 18:00 h.

VENRES 27
Sala principal do Auditorio [20:30] [MONÓLOGO]

América forever (The final refrito)
GOYO JIMÉNEZ
Un show que recompila os mellores momentos da mítica triloxía "Aiguantulivinamerica", unha homenaxe a todo o que nos fixo rir e pensar, con novos ingredientes, novas reflexións e o inconfundible sabor "made in Goyo".
Duración: 70 min.
Compañía: Etiqueta Negra.
Prezo entradas: Zonas A e B: 28 € e Zona C: 26 € (+ gastos).
Venda de entradas: Anticipada en ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 18.30 h.



AVANCE DECEMBRO

LUNS 7
Sala principal do Auditorio [21:00] [TEATRO]

Un matrimonio sen filtros
Tras quince anos de matrimonio, Marga e Jaime van separarse. Como non teñen nada que os ate, consólanse sabendo que poderán marchar sen máis, cun golpe na porta. Pero non tiveron en conta un pequeno detalle: esa porta pertence a unha casa, esa casa é dos dous... e ningún quere marchar do que foi o seu fogar.
90 min | Comedia | Público: Adulto | Compañía: Okapi Producciones.
Venda de entradas: Anticipada en Ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 19:00 h.
Entrada xeral:
Zonas A e B: 25 €;
Zona C: 22 € (+ gastos de xestión).

